



## PROGRAMA DE AXENTES DE INNOVACIÓN

O área de Emprego do Concello da Coruña xunto ca Fundación Universidade da Coruña (en adiante FUAC) pretenden levar a cabo a 2ª edición do Programa de Axentes de Innovación no tecido empresarial do Concello da Coruña.

### Obxectivos

O obxectivo principal deste Programa é promover a inserción laboral de mozos/-as do Concello da Coruña nos procesos de Innovación das empresas a través de Prácticas formativas así como impulsar o desenvolvemento dun Plan de innovación no tecido empresarial que facilite a mellora dos resultados económicos, a competitividade e a cota de mercado da empresa, innovando nos seus procesos, produtos e servizos.

### Destinatarios

10 mozos e mozas en situación de desemprego que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Residentes no Concello da Coruña.
- ✓ Titulación universitaria obtida nos 3 últimos anos.
- ✓ No ter traballado baixo ningunha modalidade de contratación laboral e/ou mercantil coa titulación requirida.

### Metodoloxía

A metodoloxía a empregar combina unha formación en Innovación empresarial co desenvolvemento dun Programa de Formación Práctica.

1. **Formación en Innovación empresarial.-** estará orientado á realización de diagnósticos e a posta en marcha de Plans de Innovación nas empresas, promovendo así a orientación dos recursos da empresa cara a innovación.
2. **Práctica Formativa.-** quedará materializada mediante a sinatura dun Convenio de colaboración entre a FUAC e a empresa beneficiaria e dun Plan de formación titorizado por un empregado da empresa, coa formación ou experiencia suficiente, para darlle a formación práctica, e polo persoal técnico da área de Emprego da FUAC. As condicións da práctica serán as seguintes:
  - ✓ Duración: 2 meses
  - ✓ Axuda económica: 800,00 € brutos ao mes.
  - ✓ Orixe do Financiamento: Concello da Coruña
  - ✓ Calendario da Práctica: do 01/10/2017 ata o 30/11/2017
  - ✓ Xornada completa (máx. 8 horas/día)

### Inscrición

Os mozos e mozas que queiran participar no Programa deben :

- ✓ Completar o seu rexistro na Plataforma de Emprego da FUAC (EMPLEA: [www.fundacion.udc.es/emplea](http://www.fundacion.udc.es/emplea)).
- ✓ Cumprimentar a súa inscrición no Programa de axentes de Innovación (<https://goo.gl/forms/KgUfQUMJ338OUWhR2>)

### Comisión de avaliación

- ✓ Crearase para a selección das empresas e do alumnado beneficiario e estará composta polo Concello da Coruña e a FUAC.



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



Fundación  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Contacta

CAROLINA OURO GARCIA. 881.014.374 [emprego.fuac@udc.es](mailto:emprego.fuac@udc.es)

ROSA VILLAR MOURO. 881.014362. [rosav@udc.es](mailto:rosav@udc.es)